



Procedemento: Convocatoria e selección de persoal laboral temporal ao servizo da Corporación

Número de expediente: 442/2023

Asunto: Resolución da Alcaldía procedendo á admisión dos interesados no procedemento de selección, nomeamento do tribunal e data de exame. Soldador

Á vista da convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 185 en data do 12 de agosto de 2023, co obxecto da contratación temporal de 1 soldador ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión en proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, respecto da praza seguinte:

Denominación do posto	Soldador
Réxime	Persoal laboral temporal
Categoría profesional	Oficial
Titulación exigible	Certificado de escolaridade
Sistema selectivo	Oposición
Número de vacantes	1
Xornada	100 %





E examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	Causa
Álvarez Mon, Juan Carlos	***4936**	

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
NINGÚN		

SEGUNDO. Posto que non hai ningún aspirante excluído, elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos.

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	Causa
Álvarez Mon, Juan Carlos	***4936**	

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
NINGÚN		

TERCEIRO. Nomear ao tribunal de selección coa seguinte composición:

- **Presidente:** Medardo Monteagudo López, empregado do Concello de A Fonsagrada
- **Vogais:** José Antonio Carreira Méndez, empregado do Concello de A Fonsagrada;





César Arias Fernández, empregado do Concello de A Fonsagrada

Alicia Fernández López, empregado do Concello de A Fonsagrada

- **Secretaria:** Ana María Méndez Enríquez, empregada do Concello da Fonsagrada

CUARTO. Convocar aos aspirantes á realización do primeiro exercicio o día: **06 de setembro ás 9:00 Horas no Salón de Plenos do Concello de A Fonsagrada.**

O segundo exercicio consistirá nunha proba práctica e realizarase o mesmo día unha vez corrixidos e publicados os resultados do primeiro exercicio.

QUINTO. Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de Selección e a data dos exames na sede electrónica deste Concello con expresa indicación do réxime de recursos:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

En A Fonsagrada_ na data indicada ao marxe

O Alcalde-Presidente

Carlos López López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

